

Concello de Arbo

Exp.: 1294/23
Promotor: Concello de Arbo
Asunto: mellora da mobilidade peonil no contorno da Capela de San Xoán, fase I
Situación: Praza de Barcela (Arbo)

ANTECEDENTES

- 1 Concello de Arbo promove o expediente de mellora da mobilidade peonil no contorno da Capela de San Xoán, fase I en Praza de Barcela, concello de Arbo.
- 2 De acordo co artigo 3.a do Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, considérase que non é preciso o informe preceptivo previo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural.
- 3 Con data 2 de maio de 2023 emítese informe técnico de arquitectura que di o seguinte:

"INFORME

O concello do Arbo remite solicitude de autorización para o "Proxecto de mellora da mobilidade peonil no entorno da Capela de San Xoán de Barcela. Fase I". A obra descorre polo contorno de varios elementos incluídos no PXOM do concello como A Igrexa Parroquial de San Xoán de Barcela, Cruceiro en San Xoán I, Cruceiro en San Xoán II, Farol en San Xoán e Capela de San Xoán de Barcela, polo que, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC) incorpóranse ao Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia e pasarán a ter a consideración de bens catalogados sometidos ao réxime xurídico de protección aplicable a estes.

De acordo co artigo 39.1 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

Descrición das obras.

O Proxecto de mellora da mobilidade peonil no entorno da capela de San Xoán de Barcela, abrangue un ámbito de actuación total de 4.120 m² que comprende un área do núcleo de San Xoán de Barcela e os viais de acceso e saída, entre as que destacan as conexións coa estrada autonómica PO-400.

O proxecto pretende, mediante a reforma do espazo público, xerar un espazo accesible e seguro para os peóns, limitando o tráfico rodado e as zonas de aparcadoiro, incorporando vexetación autóctona e mobiliario urbano.

Espazos sobre os que se vai actuar:

- Zona central conformada polo entorno da Capela e a Praza Barcela.
- Tramos viarios da Rúa Pr. Barcela.



- *Camiños transversais de acceso a residentes.*

Debido á extensión do ámbito de actuación o concello opta por dividir os traballos en dúas fases:

- *FASE 1: Referida ao ámbito central do núcleo de Barcela, cunha superficie total de 2.037 m²*

- *FASE 2: Viais de acceso e saída do núcleo, tanto os principais (leste-oeste), coma os transversais (norte-sur). Suma un total de 2.083 m².*

As intervencións proxectadas son:

1.- Trazados e pavimentos

Zona central

Formúlase unha solución que unifique o espazo público no entorno da Capela e a Praza Barcela, cunha solución de plataforma única. A solución ideada para este ámbito consiste nun acabado de lousa de granito semimoreno abuxardado con pezas de 60x40x12 cm e tiras de lousa de granito moreno abuxardado de 60x40x12 cm. No acceso á parcela a través da praza proxéctase un adoquinado de granito moreno silvestre 5x5x5 a tresbolillo. Permitirase o tráfico, de velocidade reducida, en dirección leste oeste. Intégrase o pavimento existente no entorno da capela.

Tramos viarios da Rúa Pr. Barcela

Formúlase reducir o espazo do tráfico rodado a un só carril en dirección leste-oeste, nunha solución de plataforma segregada cunha calzada cunha capa de reposición de aglomerado asfáltico e beirarrúas de formigón rematadas con bordo remontable de 32x25x100cm.

Camiños transversais de acceso a residentes.

Para os tres camiños transversais ao eixo da Rúa Pr. Barcela prevese unha peonalización completa restrinxindo o tráfico a residentes e servizos, optándose por unha solución de pavimento de lousa de formigón con acabado lavado, con 1/3 de árido negro e 2/3 de árido branco, con area e cemento brancos, con remate nas beiras de lastro de granito moreno silvestre 5x5x5 a tresbolillo.

2.- Servizos

Dentro da Fase I proxéctase tamén a renovación de parte da rede de saneamento, a renovación parcial da rede de drenaxe en determinados tramos, así como a execución de sumidoiros que se conectarán ás conducións existentes e a reposición da rede de abastecemento de aqueles tubaxes que se vexan afectadas.

3.- Iluminación

A solución aportada é unha disposición de diferentes tipos de luminarias e soportes. Na parte oeste do ámbito, pola estrada que discorre en dirección oeste-leste, Luminarias tipo Circus de mínimo 25 W de potencia de Salvi ou modelo equivalente dispostos en báculo de tipo Faubourg de Salvi ou modelo equivalente con 6 metros de lonxitude. Na zona da praza central dúas Luminarias tipo Biro en columna ou modelo equivalente de 25 W, axudadas por dous proxectores con tres luminarias modelo Lira de 35W en columna Faubourg de 8 metros de altura ou modelos equivalentes, un situado na praza e outro próximo a Capela de San Xoán de Barcela. Nas estradas perpendiculares á rúa principal, dispóñense as Luminarias Circus en columna Faubourg ou modelos equivalentes, a excepción do camiño de acceso cara a Igrexa de San Xoan de Barcela onde se empregaron catro Balizas luminosas modelo Nova de 37 W de potencia ou equivalentes.

4.- Mobiliario urbano

O mobiliario urbano neste ámbito consistirá en bancos de granito, alcorques e bolardos. Os bancos serán de granito rectos e curvos e disporán de asento, respaldos e brazos de madeira. Ademais dos novos bancos situaranse asentos e respaldos en parte do banco de madeira existente no borde do campo da festa

Proxéctanse alcorques de lastros de granito sobre area e bolardos.



5.- Xardinería

*Respecto ao arborado, diferéncianse os exemplares existentes a manter (árbores de gran porte ou de gran valor), e as novas unidades propostas de especies *Betula Alba* e *Liquidambar styraciflua**

6.- Sinais

Finalmente instalaranse sinais para identificar os novos sentidos de tráfico así como o marcado dos espazos compartidos de vehículos e peóns.

Consideracións e conclusións

As actuacións melloran as condicións da zona e son compatibles coa protección do patrimonio polo que se informan favorablemente coas seguintes condicións:

- A iluminación do ámbito non debe acadar maior protagonismo que os elementos catalogados, polo que non se considera autorizable a colocación do poste de 8 m con 3 focos no entorno da capela, polo que deberá suprimirse este elemento.

- Co mesmo motivo, o mobiliario urbano non debe desconfigurar as proporcións das seccións existentes, o que ocorre cos dous bancos de trazado curvo situados diante da capela. Estes elementos deberán eliminarse.

- Informarase ao persoal da obra da existencia dos bens.

- As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens protexidos e o emprego e tránsito da maquinaria que os manipule cinguirase ás vías existentes, evitando ó máximo as súas áreas de cautela.

- En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo con algún ben, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo).
 - As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 2 A intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar no contorno de protección de elementos catalogado no PXOM do concello, polo que, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC) incorpórase ao Catálogo de



Patrimonio Cultural de Galicia e pasará a ter a consideración de ben catalogado sometido ao réxime xurídico de protección aplicable a estes. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG nº 126 do 4 de xullo) e conforme ao disposto na Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 134 do 14 de xullo) e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,

RESOLVO

Autorizar as obras de mellora da mobilidade peonil no contorno da Capela de San Xoán, fase I, en Praza de Barcela, concello de Arbo, coas seguintes condicións:

- A iluminación do ámbito non debe acadar maior protagonismo que os elementos catalogados, polo que non se considera autorizable a colocación do poste de 8 m con 3 focos no entorno da capela, polo que deberá suprimirse este elemento.
- Co mesmo motivo, o mobiliario urbano non debe desconfigurar as proporcións das seccións existentes, o que ocorre cos dous bancos de trazado curvo situados diante da capela. Estes elementos deberán eliminarse.
- Informarase ao persoal da obra da existencia dos bens.
- As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens protexidos e o emprego e tránsito da maquinaria que os manipule cinguirase ás vías existentes, evitando ó máximo as súas áreas de cautela.
- En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo con algún ben, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase a Concello de Arbo esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Resolución do 05.07.2022
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno

